



CONCLUSIONS:

V. CONCLUSIÓNS:

Esta é a sétima vez que se inclúe entre a documentación orzamentaria un informe de impacto de xénero que trata de realizar unha análise, dende o punto de vista da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, dos programas de gasto que integran o proxecto de orzamentos.

O orzamento é a declaración máis completa dos planes e prioridades sociais que se pretenden desenvolver e afrontar. Os orzamentos determinan como se recadan os fondos públicos, como se usan e quen se beneficia deles. Polo tanto, o compromiso cara a igualdade de xénero require de medidas para incorporar a perspectiva de xénero no marco da planificación do orzamento e tamén investimentos concretos que permitan abordar as brechas de xénero que podan existir.

O orzamento con perspectiva de xénero non consiste en crear partidas específicas para as mulleres, ou en incrementar o gasto en programas para mulleres. Pola contra, busca garantir que a asignación de recursos públicos se leve a cabo de xeito efectivo e contribúa a promover a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres, proporcionando ferramentas para avaliar as diferentes necesidades e contribucións de mulleres, homes, nenas e nenos dentro dos ingresos, gastos e asignacións existentes, para axustar as políticas orzamentarias e conseguir beneficiar con equidade a todos os grupos.

Por iso, a análise orzamentaria con perspectiva de xénero, xunto coa lexislación e outras medidas de carácter político que se leven á práctica, permiten abordar a discriminación de xénero e constitúen un paso importante para conseguir unha maior transparencia pública e unha maior eficacia e eficiencia dos recursos.

Aínda que é certo que hai marxe para a mellora, sobre todo no relativo á análise non só dos programas de gasto, senón tamén dos ingresos, consolídase a integración e consideración da perspectiva de xénero no proceso de elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Xa dende o primeiro momento, nas instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, recollidas na Orde do 29 de maio de 2019 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 (DOG núm. 106 do 06/06/2019), recolle como un dos criterios de elaboración dos orzamentos “potenciar o benestar e a cohesión social e territorial dos galegos, sen descoidar o apoio aos sectores estratéxicos base do modelo de crecemento económico que sustenta o PEG, co fin de acadar os obxectivos en materia de emprego e benestar que recolla o propio plan”.

Neste senso, non se pode esquecer que un dos principios horizontais do PEG é a promoción da igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación.

Tamén se recolle que na elaboración dos orzamentos participará unha subcomisión de análise de xénero que analizará o impacto dos programas de gasto na erradicación das fendas de xénero detectadas e realizará as recomendacións necesarias para a incorporación da perspectiva de xénero aos orzamentos.

Resulta necesario poñer de manifesto a colaboración das distintas consellerías da Xunta de Galicia que facilitaron a información necesaria, a través da ficha elaborada pola Secretaría Xeral da Igualdade, que fixo posible a elaboración deste informe de impacto de xénero e que foran obxecto de análise dende o punto de vista do xénero a maioría de programas orzamentarios (analizáronse un total de 92 programas de gasto).

Por último, sinalar que a valoración, dende o punto de vista da integración da perspectiva de xénero e a promoción da igualdade entre mulleres e homes, do proxecto de orzamentos para o ano 2020 debe ser POSITIVA, e que un orzamento sensible ao xénero permite, ademais de promover obxectivos de equidade, fortalecer a eficacia das políticas públicas, aumentar a transparencia e mellorar a calidade dos servizos públicos.